bng
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

DEZ COMPROMISOS DO BNG

GALIZA
DEREITOS
VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

29N. XERAIS 2026

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA

AGORA CON MÁIS FORZA!

Páxina 03.	01 A vivenda é un dereito.
Páxina 04.	02 Vida digna: salarios, pensións, coidados, dereitos laborais.
Páxina 05.	03 Avanzar en igualdade e defender todos os dereitos fronte ás discriminacións.
Páxina 06.	04 Unha economía ao servizo de Galiza e das maiorías sociais
Páxina 08.	05 Favorecer unha transición ecolóxica xusta: a enerxía galega ao servizo de Galiza
Páxina 09.	06 Acabar coa discriminación de Galiza en infraestruturas
Páxina 10.	07 Garantir futuro para a mocidade galega
Páxina 11.	08 Avanzar en autogoberno para conseguir máis benestar
Páxina 12.	09 Defender as liberdades e dereitos democráticos
Páxina 13.	10 Defender a paz, a xustiza e a igualdade entre os pobos

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

01 A VIVENDA É UN DEREITO.

O acceso a unha vivenda digna é hoxe un dos principais problemas sociais de Galiza e unha das maiores causas de exclusión. Os prezos desorbitados do alugueiro e da compra, a proliferación descontrolada das vivendas de uso turístico e a falta de políticas públicas suficientes converteron un dereito fundamental nun negocio para a especulación.

Fronte a esta realidade, defendemos que a vivenda debe estar ao servizo das persoas e non dos intereses especulativos: cómpre ampliar de maneira decidida o parque público, garantir prezos accesibles, mobilizar as vivendas baleiras e poñer en marcha políticas que permitan a toda a cidadanía, especialmente á mocidade, desenvolver o seu proxecto de vida no país.

- Topar por lei os prezos dos alugueiros.
- Blindar a estabilidade das persoas arrendatarias mediante a renovación automática dos contratos e combater as prácticas abusivas e especulativas.
- Prohibir os desafiuzamentos de persoas en situación de vulnerabilidade.
- Destinar o 3 % dos Orzamentos Xerais do Estado á creación dun parque público de alugueiro permanente.
- Transferir gratuitamente os solos e vivendas da SAREB ao IGVS para incorporalos ao parque público galego de vivenda.
- Adoptar medidas para frear a transformación da vivenda habitual en alugueiro de tempada, por habitacións ou turístico.
- Garantir o carácter permanentemente público das vivendas financiadas con recursos públicos.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

02 VIDA DIGNA: SALARIOS, PENSIÓNS, COIDADOS, DEREITOS LABORAIS.

Ter un emprego, percibir un salario ou cobrar unha pensión non garante hoxe unhas condicións de vida dignas para milleiros de persoas en Galiza. A suba dos prezos, a perda de poder adquisitivo, a precariedade laboral e as dificultades para chegar a fin de mes están a agravar as desigualdades e a estender a pobreza.

Fronte a esta situación, o BNG defende recuperar e ampliar os dereitos da maioría social, mellorar os salarios e as pensións, reforzar a protección social e combater a pobreza e a exclusión. Porque vivir dignamente non pode ser un privilexio: debe ser un dereito garantido para todas as persoas, con independencia da súa situación económica ou laboral.

- **Salarios.** Incrementar o salario mínimo interprofesional e as pensións mínimas até situalos no 60 % do salario medio, e reforzar a protección das persoas desempregadas.
- **Xornada 35 horas e dereitos laborais.** Avanzar cara á xornada laboral de 35 horas semanais sen redución salarial e derrogar integramente as contrarreformas laborais, recuperando dereitos como a indemnización de 45 días por ano traballado e a autorización administrativa nos despedimentos colectivos.
- **Pensións.** Blindar e fortalecer o sistema público de pensións, recuperar a idade ordinaria de xubilación aos 65 anos e a xubilación parcial aos 61, así como o período de cómputo de 10 anos.
- **Conciliación.** Impulsar medidas de corresponsabilidade e conciliación real, garantindo ingresos durante os períodos de excedencia por coidados e compensando economicamente as reducións de xornada. Esixir a participación económica do Estado no financiamento da gratuidade das escolas infantís galegas. Recoñecemento legal das familias monoparentais.
- **Ingreso Mínimo Vital.** Transferir a Galiza a xestión do IMV para reforzar e garantir unha atención máis áxil e adaptada á realidade do país.
- **Dependencia e coidados.** Esixir que o Goberno central cumpra a súa obriga de financiar o 50 % do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD) e pague a débeda acumulada con Galiza.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

03 AVANZAR EN IGUALDADE E DEFENDER TODOS OS DEREITOS FRONTE ÁS DISCRIMINACIÓNS.

Comprometémonos a construír unha sociedade libre de violencia machista, racismo e discriminación, na que todas as persoas poidan vivir con plena liberdade e igualdade.

Defenderemos os dereitos das mulleres e do colectivo LGTBI+, combateremos todas as formas de violencia e discriminación e garantiremos políticas públicas que fagan efectiva a igualdade.

- Reforzar os recursos destinados á prevención e á loita contra a violencia machista, incrementando as transferencias económicas a Galiza para o cumprimento do Pacto de Estado e adaptando os criterios de distribución á realidade galega, especialmente á dispersión poboacional e ao avellentamento.
- Garantir a xestión pública e directa dos mecanismos de control telemático para a protección das vítimas de violencia machista, corrixindo os problemas de cobertura e evitando a súa revitimización.
- Fortalecer os recursos de atención, protección e acompañamento ás vítimas de violencia machista.
- Garantir os dereitos sexuais e reprodutivos, a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o respecto á diversidade afectiva, sexual e de xénero.
- Combater o racismo, a xenofobia e calquera forma de discriminación, garantindo a igualdade de trato e de oportunidades.
- Avanzar na abolición da prostitución, perseguindo proxenetas e prostituidores e garantindo alternativas ás mulleres que queiran abandonala. Loitar contra a trata e a explotación de persoas.
- Garantir os dereitos das persoas LGBT+, especialmente das persoas trans, e combater os delitos de odio.
- Garantir os dereitos das persoas inmigrantes, refuxiadas e solicitantes de asilo, combatendo o racismo e a xenofobia.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

04 UNHA ECONOMÍA AO SERVIZO DE GALIZA E DAS MAIORÍAS SOCIAIS

Defendemos un modelo económico produtivo, sustentable e xusto, que fortaleza os sectores estratéxicos do país, cree emprego digno e permita que a riqueza xerada en Galiza reverta no benestar da maioría social. Fronte á especulación e á dependencia, apostamos por unha economía con capacidade para completar os ciclos produtivos no noso país, xerar valor engadido e aproveitar todo o seu potencial industrial, agroalimentario, pesqueiro e científico.

- Unha fiscalidade máis xusta e progresiva, na que pague máis quen máis ten, reducindo a carga sobre as rendas do traballo e incrementando a tributación das rendas do capital e das grandes fortunas.
- Axustar os tramos estatais do IRPF á evolución dos prezos en Galiza e garantir que tributen no noso país as empresas que desenvolven aquí a súa actividade.
- Unha política de reindustrialización que recupere os sectores en crise, impulse a industria auxiliar e os sectores emerxentes e obrigue a devolver as axudas públicas ás empresas que deslocalicen a súa produción. Defender a actividade e o emprego no naval de Vigo e Ferrol, a transformación de Navantia-Ferrol nun complexo industrial integral e a continuidade de Alcoa-San Cibrao.
- O fortalecemento do sector agrogandeiro e pesqueiro, garantindo prezos xustos e condicións de igualdade na cadea alimentaria, impulsando a transformación dos produtos en Galiza, a compra pública de proximidade e o consumo das producións galegas. Defender unha distribución xusta das cotas pesqueiras, eliminar o principio de estabilidade relativa e reducir o IVE dos produtos do mar.
- Máis apoio ás persoas autónomas, cun sistema fiscal sinxelo e adaptado aos seus ingresos reais, mellor protección social e dereitos equiparables aos das persoas traballadoras por conta allea, especialmente en materia de baixas médicas, conciliación, maternidade, paternidade e cesamento da actividade.
- Máis investimento en ciencia, investigación e innovación, até acadar o 3 % do PIB en I+D+i en 2030, garantindo condicións laborais dignas e estables para o persoal

investigador e transferindo a Galiza os centros dependentes do CSIC e do Instituto Español de Oceanografía.

- Combater a fraude e a evasión fiscal, manter e reforzar a tributación dos beneficios extraordinarios da banca e das grandes empresas enerxéticas e impedir que reciban axudas ou contratos públicos as empresas con sociedades en paraísos fiscais sen actividade económica real.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

05 FAVORECER UNHA TRANSICIÓN ECOLÓXICA XUSTA: A ENERXÍA GALEGA AO SERVIZO DE GALIZA

Comprometémonos a defender o territorio e os recursos naturais fronte ao espolio e aos proxectos especulativos, e a impulsar un modelo de transición ecolóxica que cree emprego, protexa a biodiversidade e mellore a vida das persoas. Galiza debe beneficiarse da riqueza que produce e ter capacidade para decidir sobre os seus recursos enerxéticos.

- Impulsar unha tarifa eléctrica galega que permita que a riqueza enerxética producida no país reverta nas familias e no tecido produtivo galego.
- Promover un modelo enerxético con maior control público dos recursos e das infraestruturas estratéxicas, recuperando para o sector público as concesións dos encoros a medida que vaian caducando.
- Transferir a Galiza as competencias en materia enerxética.
- Desenvolver un modelo de produción eléctrica distribuída, de menor escala e próxima aos centros de consumo.
- Impulsar o autoconsumo e as comunidades enerxéticas.
- Garantir o acceso á electricidade como ben básico e prohibir os cortes de subministración.
- Recuperar as garantías ambientais e a participación cidadá na implantación de proxectos eólicos, rectificando as medidas incorporadas no Real decreto lei 20/2022.
- Retirar os Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) e declarar o litoral galego como espazo non apto para a instalación de parques eólicos mariños.
- Desenvolver as enerxías renovables con planificación, respecto ambiental e participación social, evitando os proxectos especulativos e o modelo extractivista.
- Protexer os ecosistemas, impulsar políticas de adaptación á emerxencia climática e avanzar nunha transición ecolóxica xusta que xere actividade económica e emprego no país.

GALIZA
DEREITOS
VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

06 ACABAR COA DISCRIMINACIÓN DE GALIZA EN INFRAESTRUTURAS

Comprometémonos a acabar coa discriminación histórica de Galiza nos investimentos do Estado e a reclamar unhas infraestruturas e uns servizos de transporte público á altura das necesidades do país. Defendemos unha mobilidade sostible, vertebradora e accesible, que conecte as cidades e comarcas e garanta a cohesión territorial.

- Implantar de maneira efectiva e sen máis demoras un servizo de trens de proximidade nas principais áreas urbanas galegas.
- Modernizar a rede ferroviaria interior, actuando especialmente nos tramos A Coruña–Ferrol, A Coruña–Lugo e Vigo–fronteira portuguesa, na liña de ancho métrico Ferrol–Ribadeo e nas conexións ferroviarias de Santiago con Lugo.
- Acelerar a saída sur de Vigo e completar as obras do Corredor Atlántico de Mercadorías en Galiza.
- Realizar unha auditoría independente da rede ferroviaria para verificar a súa seguridade, implantar o sistema ERTMS nas liñas onde aínda non estea operativo e desenvolver as medidas pendentes do Plan de Seguridade Ferroviaria.
- Converter a AP-9 nunha autoestrada galega, pública e libre de peaxes. Transferencia a Galiza da AP53.
- Reclamar investimentos para modernizar e desenvolver os portos e aeroportos galegos, así como o conxunto das infraestruturas estratéxicas do país.
- Transferencia a Galiza dos aeroportos e portos de interese xeral, así como a creación dun sistema aeroportuario galego e a mellora da intermodalidade portuaria.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

07 GARANTIR FUTURO PARA A MOCIDADE GALEGA

Comprometémonos a garantir que a mocidade poida vivir, traballar e desenvolver o seu proxecto de vida en Galiza. Queremos combater a precariedade, a emigración forzosa e as dificultades de acceso á vivenda, e facer da mocidade protagonista das decisións que afectan o seu futuro.

Medidas concretas:

- Impulsar políticas de emprego xuvenil que garantan traballo estable, salarios dignos e condicións laborais con dereitos.
- Facilitar o acceso da mocidade á vivenda, ampliando o parque público de alugueiro accesible e establecendo medidas específicas para a emancipación.
- Apoiar a incorporación da mocidade aos sectores agrogandeiro, forestal e pesqueiro, favorecendo o relevo xeracional.
- Crear oportunidades laborais vinculadas á transición ecolóxica, á innovación, á investigación e á transformación dixital.
- Desenvolver políticas de retorno para a mocidade emigrada e favorecer que poida recuperar o seu proxecto de vida no país.
- Recoñecer o dereito ao voto aos 16 anos.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

08 AVANZAR EN AUTOGOBERNO PARA CONSEGUIR MÁIS BENESTAR

Comprometémonos a defender os intereses de Galiza por riba de calquera outra consideración e a conseguir máis capacidade política e económica para o noso país. Defendemos o recoñecemento de Galiza como nación e dos seus dereitos nacionais, o avance cara a un Estado plurinacional e o desenvolvemento pleno do autogoberno como ferramentas para mellorar a vida das persoas e decidir sobre o noso futuro.

Medidas concretas:

- Defender o recoñecemento de Galiza como nación e garantir o respecto aos seus dereitos nacionais no marco xurídico e institucional do Estado, avanzando cara a un modelo de Estado plurinacional e respectuoso coa capacidade de decisión das nacións que o integran.
- Demandar a transferencia a Galiza de todas as competencias pendentes, dotándoas dos recursos económicos e humanos necesarios.
- Transferencia das competencias en materia de: relacións laborais, emprego, formación e prestacións; Seguridade Social e pensións; seguridade pública e policía; control público dos recursos e dos sectores estratéxicos, especialmente a enerxía; portos, aeroportos, estradas e ferrocarrís; costas e bacías hidrográficas; servizos de salvamento marítimo e dos centros do IEO; AP-9 e AP-53 e nacionalización destas infraestruturas; activos da SAREB.
- Reclamar un novo modelo de financiamento baseado no concerto económico, na bilateralidade e na suficiencia financeira, que teña en conta as necesidades reais do país e permita garantir uns servizos públicos de calidade.
- Establecer mecanismos efectivos de negociación bilateral co Estado para garantir a participación de Galiza nas decisións que afectan os seus intereses.
- Garantir o respecto e a promoción da identidade, a lingua e a cultura galega nas institucións e nas políticas estatais.
- Reforzar a presenza e a capacidade de decisión propias de Galiza nas institucións da Unión Europea e nos organismos internacionais.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

09 DEFENDER AS LIBERDADES E DEREITOS DEMOCRÁTICOS

Comprometémonos a defender as liberdades cívicas e os dereitos conquistados fronte a calquera intento de involución democrática. Garantiremos a liberdade de expresión, reunión e manifestación, o dereito á protesta e á participación política, e combateremos os discursos de odio, a censura e todas as formas de discriminación. Fronte ao avance da dereita e da extrema dereita, defenderemos unha sociedade máis libre, plural, igualitaria e respectuosa coa diversidade.

- Derrogar a Lei Mordaza e garantir plenamente as liberdades de expresión, reunión e manifestación, así como o dereito á protesta e á mobilización social.
- Frear os recortes de dereitos e as medidas de involución democrática promovidas pola dereita e a extrema dereita, facendo dos escanos do BNG un dique de contención fronte ao seu avance.
- Derrogar os apartados e) e f) do artigo 2 da Lei de Amnistía de 1977 para acabar coa impunidade dos crimes do franquismo, avanzar no recoñecemento das vítimas e garantir a devolución dos bens expoliados pola ditadura.
- Defender a memoria histórica e democrática, garantindo a verdade, a xustiza e a reparación das vítimas do franquismo.
- Promover e garantir o dereito a vivir en galego en todos os ámbitos da vida, tamén no ámbito dixital, e impulsar medidas efectivas para a normalización e a promoción da lingua propia.
- Defender a pluralidade informativa, o dereito á participación política e o respecto á diversidade ideolóxica, cultural e social.

GALIZA DEREITOS VIDA DIGNA
AGORA CON MÁIS FORZA!

10 DEFENDER A PAZ, A XUSTIZA E A IGUALDADE ENTRE OS POBOS

Comprometémonos a defender a paz, a solidariedade internacional e o dereito dos pobos e das nacións a decidir libremente o seu futuro. Opoñerémonos á escalada militarista, ao aumento do gasto en armas e ás políticas imperialistas que alimentan guerras, desigualdades e vulneracións dos dereitos humanos. Apostaremos por unha política exterior baseada na cooperación, a xustiza e o respecto á soberanía dos pobos.

- Rexeitar o incremento do gasto militar e a carreira armamentística, defendendo que os recursos públicos se destinen a mellorar a vida das persoas e fortalecer os servizos públicos.
- Defender unha política exterior baseada na paz, no diálogo, na cooperación internacional e no respecto ao dereito internacional e aos dereitos humanos.
- Condenar as agresións imperialistas e os xenocidios, e esixir o respecto á soberanía dos pobos e das nacións.
- Defender o dereito de autodeterminación dos pobos, incluído o dereito a decidir libremente o seu futuro político.
- Promover políticas migratorias baseadas nos dereitos humanos, na acollida, na solidariedade e na igualdade de trato.
- Reforzar a cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos fronte ás desigualdades e ás inxustizas globais.
- Defender unha nova arquitectura internacional igualitaria, baseada no dereito das nacións á libre determinación, comezando por Galiza.
- Abolir definitivamente o servizo militar obrigatorio.